

# A PROCURA DO TESOURO



## INSTRUCCIONS:

CADA PISTA TEN UNHA PROBA E UN ANAQUIÑO DUNHA PALABRA. OS NEN@S IRÁN SEGUINDO AS PISTAS, FACENDO AS PROBAS E ANOTANDO AS SÍLABAS QUE FORMARÁN A PALABRA DA SORPRESA FINAL.

NÓS PROPOÑEMOS: **CHO-CO-LA-TE**. PERO PODEDES POÑER A QUE VOS VEÑA VEN

- 1.- AGOCHAMOS AS PISTAS EN DIFERENTES LUGARES DA CASA.
- 2.- LEMOS OU AXUDAMOS A LER AS PISTAS.
- 3.- REALIZAMOS A PROBA QUE SE LLES PROPOÑE E UNHA VEZ SUPERADA...
- 4.- PASAMOS A SEGUINTE PROBA. E ASÍ SUCESÍVAMENTE. FORMAMOS A PALABRA E
- 5.- Ó FINAL ATOPARÁ UN AGASALLO OU SORPRESA.

(NON É PRECISO IMPRIMIR, ESCRIBÍDEAS NUN PAPEL ANTES, RECORTÁDEAS E AGOCHÁDEAS NOS LUGARES QUE SE VOS INDICAN)

## PISTAS:

1.

SE O XOGO DO TESOURO QUERES XOGAR,  
NA PORTA DA TÚA CASA TERÁS QUE COMEZAR

COMEZAMOS O XOGO

2.-

**PROBA:** SALTANDO COMA UN CANGURO  
O SALÓN TERÁS QUE CHEGAR  
E COS OLLOS BEN ABERTOS  
OUTRA PISTA TERÁS QUE ATOPAR

**CHO**

COLGAR NA PORTA

3.-

**PROBA:** CANTA E BAILA UNHA CANCIÓN  
PARA QUE TODOS TE VEXAN EN ACCIÓN  
**PISTA:** DESPOIS A GATAS COMA OS MICHÍÑOS  
ATA ONDE NOS BAÑAMOS NOS DIRIXIMOS

**CO**

AGOCHAR NO SALON

4.-

**PROBA:** NO BAÑO TERÁS QUE ATOPAR  
10 BOTES, QUE LOGO TERÁS QUE CONTAR  
**PISTA:** REPTANDO COMA UNHA SERPE  
IMOS A COCIÑAR, QUE PARTE DA CASA

**LA**

AGOCHAR NO BAÑO

5.

**PROBA:** BRANCO É, A GALIÑA PON  
E SE CHE CAE O CHAN FAI PLOF  
QUE É?  
**PISTA:** COMO AS RAS TERÁS QUE SALTAR  
PARA ONDE DURMES PODER CHEGAR

**TE**

AGOCHAR NA COCIÑA

6.-


**PROBA:** BUSCA, BUSCA, BUSCA AMODIÑO E  
O TESOURO ATOPARÁS DE CAMIÑO.  
(AGOCHAR UNHA SORPRESA DEBAIXO DA  
ALMOFADA)

AGOCHAR NA HABITACION

# XOGOS DE HABILIDADE MOTRIZ

## 1. SOPRO

CONSTRUIMOS UNHA PISTA CON MATERIAL QUE TEÑAMOS NA CASA .E SOPRAMOS UNHA PELOTIÑA LIXEIRA, BOLA DE PAPEL...POLO CAMINIÑO



## 2. CIRCUITOS

FACEMOS CAMIÑOS NO CHAN @S E DESPLAZÁMONOS:  
COS PÉS, DE PUNTIÑAS,  
A PATA COXA, SALTANDO...



## 3. PESCA

NUNHA CUBETA CON AUGA, PESCAMOS TAPÓNS COA AXUDA DE DOUS PAUIÑOS,  
CULLERES, PINZAS...

